



XUNTA DE GALICIA
 PRESIDENCIA
 Secretaría Xeral de Política Lingüística

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

POLÍTICA LINGÜÍSTICA DEMANDA QUE SE MANTENGA A PROGRAMACIÓN EN LINGUA GALEGA DE RNE E TVE EN GALICIA

- *A secretaria xeral solicitou un encontro coa directora xeral do Ente público para lle transmitir a necesidade de darlle continuidade ás emisións en galego*
- *As medidas anunciadas frearian o desenvolvemento dos obxectivos do Plan Xeral de Normalización Lingüística relativos aos medios de comunicación*

Santiago, 01 de marzo de 2006.- A Secretaría Xeral de Política Lingüística demandaralle a Radio Televisión Española que mantenga a programación en lingua galega que actualmente emite o seu centro territorial en Galicia, tanto en Radio Nacional de España coma en Televisión Española.

Independentemente dos aspectos financeiros do Plan de Saneamento e Futuro de RTVE, a proposta de suprimir as desconexións territorias da emisora Radio 5 Todo Noticias suporía a desaparición de 17,5 horas de emisións semanais en lingua galega. Polo que respecta a TVE-Galicia, o plan elaborado pola SEPI para RTVE prevé pasar de unha hora e media de emisión diaria en galego a tan so media hora.

De materializarse esta proposta, estaríamos ante un retroceso histórico nos medios de comunicación públicos, que iría en detrimento da pluralidade lingüística e cultural do Estado. Perderíase, ademais, unha das principais funcións sociais que, por mandato constitucional, está a cumprir RTVE no territorio galego, en prexuízo dos galegofalantes que na actualidade contan cunha limitada oferta de información na lingua propia.

A secretaria xeral de Política Lingüística, Marisol López, vén de solicitar unha xuntanza coa directora xeral de RTVE para tratar este asunto e demandar a continuidade da actual programación en lingua galega. O Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, aprobado por unanimidade polos tres grupos políticos con representación no Parlamento de Galicia, establece como medidas prioritarias no ámbito dos medios de comunicación a negociación con TVE para que aumente o tempo de emisión en lingua galega na desconexión territorial, nunha proporción que sexa respectuosa coa maioría de galegofalantes habituais. Ademais, fixa tamén como obxectivo a recuperación de Radio 4 como emisora de RNE que emita íntegramente en galego.

**SAÚDOS,
 GABINETE DE COMUNICACIÓN DA SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA**